

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Página web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) N.º 2/2018, EXTRAORDINARIA (CON CONTIDO DE ORDINARIA), REALIZADA O 13 DE MARZO DE 2018.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis (PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda
RAMIL VARELA, Margarita
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PsdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Interventora do Concello

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval

NON ASISTEN

BLANCO FIDALGO, Patricia (PSdeG-PSOE)

RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria (PSdeG-PSOE)

HORA DE INICIO: 13:07

HORA DE REMATE: 13:40

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 13:07 horas do 13 de marzo de 2018, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 08 de marzo de 2018 [segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno** (no que se facultou á Alcaldía "... para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumplimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia"], e tendo en conta que, como se comunicou aos membros da Corporación pola Alcaldía, os correspondentes expedientes non estaban ultimados para poder aprobalos na data prevista para a correspondente sesión ordinaria- 25 de xaneiro de 2018) e aos efectos de poder optimizar os recursos con que conta a Administración municipal], e logo de ver a necesidade de adoptar os acordos que se proponen á maior brevidade posible, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, reúñense na sesión 2/2018, de carácter extraordinario (mais co contido dunha sesión ordinaria), e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da segunda sesión anterior (nº 9/2017, extraordinaria, do 19 de decembro de 2017).
- 2.-Proposta de elección polo Pleno do Concello de Carballo de xuíz de paz substituto para o seu nomeamento pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 3.-Proposta de aprobación inicial de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carballo .
- 4.-Proposta de aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2018.
- 5.-Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2018.

Parte da sesión de control dos demás órganos da Corporación

- 6.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 7.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 8.-Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SEGUNDA SESIÓN ANTERIOR (N° 9/2017, EXTRAORDINARIA, DO 19 DE DECEMBRO DE 2017).


Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algúna observación á acta da sesión nº 9/2017, extraordinaria, do 19 de decembro de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

2.-PROPOSTA DE ELECCIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE CARBALLO DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO PARA O SEU NOMEAMENTO POLA SALA DE GOBERNO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 05 de marzo de 2018, como segue:



Moi Leal e Excellentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO"

Asunto: Elección polo Pleno do Concello de Carballo de xuíz de paz substituto para o seu nomeamento pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O 19 de xaneiro de 2018 (entrada 194, do 25 de xaneiro) a Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia remitiu ao Concello un escrito no que indicaba "En cumplimiento de lo acordado por el Excmo. Sr. Presidente; le comunico que la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en su reunión de fecha 19 de enero de 2018, estando próximo a vencer el período -cuatro años- por el que se nombró juez de paz sustituto de ese municipio, acordó oficiar a ese ayuntamiento a fin de que se inicie nuevo expediente para elegir juez de paz sustituto en el plazo de tres meses tal como establece el art. 101.4 de la Ley Orgánica 6/1985 de 1 de julio del Poder Judicial, de no hacerlo se nombrará directamente por esta Sala de Gobierno. Debiendo remitir copia completa del expediente tramitado, donde constarán las solicitudes, documentación presentada y profesión de la persona designada. En el supuesto de que ese ayuntamiento acordara no iniciar el expediente de elección se interesa se participe a este Tribunal para así adelantar el nombramiento.".

Esta Alcaldía dictou o 26 de xaneiro de 2018 o decreto 21/2018, que se transcrebe a continuación:

"DECRETO DA ALCALDÍA"

ASUNTO: Inicio de expediente para elección de xuíz/a de paz substituto/a de Carballo

EXPEDIENTE: 2018/G003/000024

Logo de recibirse o 25 de xaneiro de 2018 (entrada nº 194) unha comunicación do 19 de xaneiro de 2018 da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a cal, estando próximo a vencer o periodo -catro anos- polo que se nomeou Xuíz de Paz substituto do municipio de Carballo (A Coruña), se debe iniciar novo expediente para proceder á elección de novo/a Xuíz/a de Paz substituto/a, para dar cumprimento ao establecido nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, que a desenvolve en materia de Xuíces de Paz, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

1.-Iniciar expediente para que, de acordo coa comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se proceda polo Pleno do Concello a propoñer á Sala de Goberno do devandito Tribunal Superior de Xustiza o nomeamento de xuíz/a de paz substituto/a de Carballo.

2.-Indicar aos/as interesados/as que poderán presentar no rexistro xeral do Concello de Carballo (A Coruña), no prazo de QUINCE DÍAS dende o día seguinte á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a correspondente instancia, acompañada da seguinte documentación:


Fotocopia compulsada por Notario ou polo Concello de Carballo do Documento Nacional de Identidade.

Declaración responsable relativa aos seguintes extremos:

Ser español/a, maior de idade, e non estar incuso en ningunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (Non estar impedido/a física ou psíquicamente para a función xudicial, non ter sido condeado/a por delito doloso (ou ter obtido, en caso contrario, a rehabilitación), non estar procesado/a o inculpado/a por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobreseementeo, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís).

Ainda non sendo licenciado/a en Dereito, reunir os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na Carrera Xudicial, excepto os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.

Compromiso de residir no municipio de Carballo, no seu caso, durante o desempeño das súas funcións e salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

Non pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo deles mesmos durante o desempeño das súas funcións, no seu caso.

Declaración relativa á profesión actual da persoa interesada.

Xustificación dos méritos que alegue (estudos e experiencia laboral-relacionada co cargo pretendido- e, no caso de ser avogado/a en exercicio, o compromiso expreso de abandoar o exercicio se fose nomeado).

3.- Publicar un anuncio no taboleiro de edictos do Concello e remitilo para a súa publicación nos do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción do Partido ou Xulgado Decano e no do propio Xulgado de Paz. “.

O 01 de febreiro de 2018 publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña (nº 23) o anuncio indicado, data dende a que se computa o prazo establecido ao efecto.

Asemade, o 29 de xaneiro remituse un anuncio para a súa exposición no taboleiro de edictos do Xulgado Decano do partido xudicial da Coruña e, entre os días 29 de xaneiro e 27 de febreiro, inseriuense outro anuncio no taboleiro de edictos do Concello e do Xulgado de Paz de Carballo (ademas dunha copia do anuncio publicado no BOP, entre o 01 e o 27 de febreiro de 2018).

De acordo co informe emitido o 05 de marzo de 2018 pola auxiliar do Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de QUINCE DÍAS outorgado ao efecto dende a publicación no BOP, entre os días 01 de febreiro e 23 de febreiro de 2018 (ambos incluídos), presentáronse no rexistro xeral do Concello as seguintes solicitudes:

D. Andrés Campelo Sánchez, 02 de febreiro de 2018 (nº rexistro de entrada 256).

Tendo en conta os méritos alegados polo interesado, e o feito de que D. Andrés Campelo Sánchez vén desempeñando funcións de xuíz de paz substituto no municipio durante os últimos anos, en uso das atribucións que me conferen os artigos 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamiento e réxime xurídico das entidades locais, **propón ao Pleno do Concello**, previos os preceptivos informe da Secretaría do Concello e ditame da Comisión Informativa correspondente, que adopte os seguintes acordos coma órgano competente ao efecto, de acordo coa atribución outorgada polo artigo 101.2 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, salvo que estime que as condicións do interesado non son as idóneas para o desempeño do posto ao que opta:

1.-Elixir a D. Andrés Campelo Sánchez (DNI 76.340.005-S) Xuíz de Paz substituto de Carballo (A Coruña).

2.-Elevar tal elección, segundo o indicado no artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que efectúe, no seu caso, o nomeamento do elixido para un período de catro anos.”


No expediente consta, asemade, o preceptivo informe da Secretaría do Concello 5/2018, do 05 de marzo de 2018.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 2/2018, extraordinaria, do 08 de marzo de 2018 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

DEBATE

O señor Alcalde explica que a proposta é elixir ao único candidato que se presentou, D. Andrés Campelo Sánchez.

Ningún dos voceiros dos restantes grupos municipais desexa realizar ningunha manifestación ao respecto.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F: P-1502100 J

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por dez votos a favor (dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos tres señores concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e coa abstención do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

- 1.-Elixir a D. Andrés Campelo Sánchez (DNI 76.340.005-S) Xuíz de Paz substituto de Carballo (A Coruña).
- 2.-Elevar tal elección, segundo o indicado no artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que efectúe, no seu caso, o nomeamento do elixido para un período de catro anos.

3.-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CARBALLO .

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 20 de febreiro de 2018, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO"

Asunto: modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carballo

Logo de ver que o artigo 74 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que "Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.".


Logo de ver que, pola súa banda, o artigo 126.4 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRRRL en adiante) establece que "Las relaciones de los puestos de trabajo , que tendrán en todo caso el contenido previsto en la legislación básica sobre función pública, se confeccionarán con arreglo a las normas previstas en el artículo 90.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril"

Logo de ver que o devandito artigo 90.2 da Lei 7/1985 establece que " 2. Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.

Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de la carrera administrativa, especialmente por lo que se refiere a la promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores.".

Tendo en conta o establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público é polo que se fai preciso a modificación da relación de postos de traballo deste Concello dos dous postos de auxiliares administrativos laborais fixos que aparecen na mesma para a súa conversión en funcionarios de carreira.

Por isto, e segundo instrucións desta Alcaldía, en cumprimento das normas citadas, é preciso a elaboración da proposta de modificación da relación destes postos de traballo mediante a correspondente valoración dos mesmos e continuar coa preceptiva tramitación.



Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

En vista do establecido no artigo 22.2 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previos os preceptivos informe xurídico, informe de fiscalización da Intervención municipal, a reunión da mesa xeral de negociación do Concello e o ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e

PROPOÑO

Que adopte os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar inicialmente a modificación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carballo (A Coruña) respecto aos postos de traballo de laboral fixo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en postos de funcionarios de carreira ao abeiro da disposición transitoria segunda do TREBEP.
- 2.- Expoñer ao público a devandita modificación da RPT, durante o prazo de quince días hábiles (que se contará dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña), durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións perante o Pleno do Concello. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.
- 3.- Logo de aprobase definitivamente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña únicamente a modificación da relación de postos de traballo e remitirase unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días.”.


No expediente da sesión constan, asemade as fichas dos dous postos de traballo cuxa modificación se propón, e cadansúas valoracións, e o informe xurídico emitido con data do 22 de febreiro de 2018 en relación á proposta pola técnica xurídica do Concello, Dª Sonia Campos Ares, no que se conclúa que “(...) En base a todo o anterior, infórmase favorablemente a modificación da relación de postos de traballo municipal aprobada en setembro do 2013 polo pleno municipal respecto da modificación dos dous postos de laboral fixo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en persoal funcionario ao abeiro do establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

E isto sen prexuízo da preceptiva fiscalización municipal previa e do pertinente expediente administrativo en canto á tramitación do mesmo.

O que se informa aos efectos oportunos e sen prexuízo doutro criterio mellor fundado en dereito. “.

Consta no expediente, por outra banda, o informe emitido pola Interventora do Concello con data do 23 de febreiro de 2018, no que se indica que as condicións establecidas na DT 2º do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público se cumpren nas “dúas prazas que se prevé funcionarizar” e indícase que “(...) con esta modificación da Relación de Postos de Traballo debería incluirse o posto de Tesouraría como Funcionario de Habilidación Nacional (posto que está clasificada como Secretaría de clase 2º, con poboación inferior a 20.000 habitantes), de acordo co artigo 92.bis da LRBRL e normativa de desenvolvemento. Deste xeito, o posto existente debe modificarse na RPT e persoal orzamentario, promovendo expediente de clasificación do mesmo como reservado a FHN, cuxa resolución final corresponderá á Comunidade Autónoma (competente en materia de clasificación de postos de FHN en Corporacións Locais). (...)”.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 2/2018, extraordinaria, do 08 de marzo de 2018 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

DEBATE

O señor Alcalde indica que xa se debatiu o asunto na comisión informativa e a señora Duarte Gerpe (Grupo municipal do PP), explica que a proposta se refire á funcionarización de dous postos de auxiliares administrativos que actualmente están ocupados por persoal laboral fixo.

Ningún dos voceiros dos restantes grupos municipais desexa realizar ningunha manifestación ao respecto.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as da Corporación presentes na sesión (sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, tres señores concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e o señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar inicialmente a modificación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carballo (A Coruña) respecto aos postos de traballo de laboral fixo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en postos de funcionarios de carreira ao abeiro da disposición transitoria segunda do TREBEP.
- 2.- Expoñer ao público a devandita modificación da RPT, durante o prazo de quince días hábiles (que se contará dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña), durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións perante o Pleno do Concello. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.
- 3.- Logo de aprobarse definitivamente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña únicamente a modificación da relación de postos de traballo e remitirase unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días.

4.-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2018.

EXPOSICIÓN


No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 05 de marzo de 2018, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO"

Asunto: Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2018

Logo de formarse por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2018, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), cunha consignación total de crédito para gastos por importe de 5.220.960,29 euros , e unha previsión total de ingresos por importe de 5.220.960,29 euros.

Logo de ver o informe económico-financeiro emitido o 20 de febreiro de 2018 por esta Alcaldía en relación a tal proxecto de orzamento, así coma senlos informes da Interventora do Concello, do 22 de febreiro de 2018, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (no que se indica que se cumpre tal obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais), e do 23 de febreiro de 2018 sobre la globalidade do proxecto de orzamento.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

Logo de someterse o expediente do proxecto de orzamento á mesa de negociación realizada o 05 de marzo de 2018.

De acordo co establecido no artigo 168.4 TRLRFL, unha vez informado pola Intervención o proxecto de orzamento xeral do Concello para 2018, logo de someterse á mesa de negociación en relación ás materias establecidas no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e do preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e

PROPOÑO

Que adopte os seguintes acordos:

1.-Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Carballo para o ano 2018 cunhas previsions no orzamento de ingresos de 5.220.960,29 € e unha consignación no orzamento de gastos de 5.220.960,29 €.

2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello , previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña , polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista. ”.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 2/2018, extraordinaria, do 08 de marzo de 2018 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP fronte a tres votos en contra dos señores concelleiros do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).


DEBATE

O señor Alcalde indica que o asunto se discutiu na comisión informativa e que tiveron acceso ao expediente, no que se atopan os informes da Intervención expresados na proposta.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ ACC-SON) anticipa que vai votar en contra da proposta por varias razóns:

Pensa que os orzamentos deben ser participativos, falados coa veciñanza nas parroquias, tendo en conta as necesidades de cada zona. Manifesta que só ven pavimentacións e asfalto, mentres, na súa opinión, faltan máis zonas verdes, montes, parques, e zonas de esparexemento. Por outra banda, reitera que se segue sen contratos de limpeza viaria, axuda no fogar e deportes, que levan dez anos sen contratar cos informes en contra da Intervención, o que pensa que é escandaloso, pois levan tres anos dicindo que se vai facer nuns meses.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que o seu grupo tamén vai votar en contra da proposta, pois coída que os orzamentos nacen lastrados pola débeda do Concello, xa que hai que adicar case medio millón de euros para pagar a débeda existente que, segundo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

el, se cifra en máis de tres millóns de euros. Engade que, sumando tal contía aos case 400.000 € do recoñecemento extraxudicial, hai preto dun millón de euros que xa está hipotecado. Considera que, por iso, case só hai investimentos da Deputación e da Xunta de Galicia. Asemade, anuncia que presentarán alegacións para ampliar a obra da Ponte de Sergude, que se pretende arranxar cun largo de só cinco metros, no que non se poden cruzar dous coches, mentres sería necesaria unha calzada de sete metros e beirarrúas. Por outra banda, indica que o asfaltado da rúa Méndez Búa non contempla o fresado, polo que, na súa opinión, quedarán as beirarrúas afundidas e, en partes, cun largo de só 90 centímetros, contra a normativa que esixe que sexa de, polo menos, un metro e oitenta centímetros. Opina que a obra non se adapta ao PXOM e que, cando un promotor queira edificar, haberá que tirar a obra que se vai facer. Por outra banda, coida que o arranxo do chan do pavillón do Espiño é moi necesario e moi importante para o equipo de ximnasia rítmica. Lembra que se solicitou coma obra complementaria, para executarse se hai aforros no plan, mais coida que debería ser prioritaria, xunto con máis duchas e equipacións. Engade que, na súa opinión, de novo se volven facer sobre todo obras de aglomerado, e pensa que os investimentos que precisa Carballo son outros. Asemade, coida que se fan asfaltados, mais non conservación do existente, e indica que alegarán en relación ás obras. Por outra banda, lembra que o ano pasado non se convocaron as bolsas porque non deu tempo, mais coida que non é tan difícil, sobre todo sendo unha cuestión recorrente, e indica que esixirán que se faga. Asemade, bota de menos que non se contemplen subvencións a outras entidades distintas da Unión Deportiva Carballo. Por último, opina que o resto do orzamento "vaise" en servizos correntes e en persoal, co que queda pouca marxe. Reitera que alegarán, para que as obras que se fagan sirvan para algo, e que votarán en contra da proposta.

O señor Alcalde explica que cando se solicitan créditos hai que amortizalos e que a maioría das cuestións que se inclúen no recoñecemento extraxudicial se refiren a servizos ineludibles, coma axuda no fogar, desbroces ou enerxía eléctrica e que, en vez de esperar a este ano, xa están feitos e recoñécense con cargo a este exercicio, polo que opina que está máis que xustificado. Engade que a todos lles gustaría facer máis cousas, coma beirarrúas máis amplas, ou convocar máis subvencións e bolsas, mais que o que hai é o que hai. Explica que, "sen queimar aos veciños a impostos" administran o que hai da mellor maneira que poden, mais cumplindo todas as esixencias do Estado, pagando en prazo, e cun orzamento nivelado e que cumple a lei. Espera que este ano, con axudas da Xunta de Galicia, e con repartimentos do Estado, poidan acadar máis obras e mellores instalacións deportivas. Indica que o equipo de goberno está niso, e que hai moitas subvencións solicitadas e aínda resta moito ano para a súa resolución. Indica, por último, que tentarán levar a cabo todos os compromisos do equipo de goberno.


O señor Couto replica que se alegra de que estean de acordo con que serían deseables beirarrúas más largas ou a ponte, mais non entende por qué non o fixeron nos proxectos que se aprobaron hai máis de tres meses. Indica que, se quere facer iso, ten case mil millóns de pesetas ao efecto e que os cartos se poden adicar a unha cousa ou a outra. Reitera que non entende por qué quere as cousas dunha maneira e as proxecta noutro sentido.

O señor Alcalde replica que a obra da Rúa do Río da Merla cumplirá coas necesidades e o señor Couto pregúntalle se vai cambiar os proxectos.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a catro votos en contra (dos tres señores concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

1.-Aprobar incialmente o orzamento xeral do Concello de Carballo para o ano 2018 cunhas previsións no orzamento de ingresos de 5.220.960,29 € e unha consignación no orzamento de gastos de 5.220.960,29 €.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carballo (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-15021001

Páxina web: www.carballo.es / Sede electrónica: <http://sede.carballo.es> / Correo electrónico: correo@carballo.es

2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello , previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña , polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista.

5.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2018.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 01 de marzo de 2018, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA (Asunto: Expediente de Recoñecemento Extraxudicial 1/2018).

D.-JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO, Alcalde – Presidente do Moi Leal e Excmo. Concello de Carballo, considerando que con data 1 de xaneiro de 2018 quedaron pendentes de aprobación unha serie de facturas e obrigas correspondentes a gastos efectivamente realizados en exercicios pechados, e que por diversos motivos non puideron ser incorporados no exercicio anterior, entre outras razóns e na súa gran maioría por remitirlas as empresas ao Concello de Carballo en data 2018, incumpríndose así o procedemento de "aprobación do gasto público" que regula O texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo).


Tendo en conta que a non aprobación destas facturas para o seu posterior pagamento suporía un "enriquecementoinxusto da Administración" e que o artigo 26.2.c do RD 500/90 do 20 de abril, sinala que con cargo ao orzamento corrente podería contraerse obrigas "procedentes de exercicios anteriores a que se refire o art. 60.2 deste Real Decreto". Sinalando á súa vez, o art. 60.2 que "Corresponden o Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria".


PROPOÑO ó Pleno desta Entidade, logo da fiscalización pola Intervención Municipal a aprobación do Expediente de **RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL 1/2018** dos créditos que se presentan como Anexo I a este Expediente por importe total de 386.356,54 €.

Carballo, 1 de marzo de 2018

O ALCALDE

FDO.: José Luis Fdez. Mouriño.”.






Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Página web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANEXO I: RECOÑEMENTO EXTRAXUDICIAL 1/2018

Nº DE ENTRADA	Nº FACTURA	DATA FRA.	IMPORTE TOTAL	TERCEIRO	CONCEPTO	PRO GR	ECON OMIC
F/2016/515	160141	25/02/2016	188,76 €	MICROPLUS WORDL CORPORATION, S.L.	COMMENT Pedido n 160160 de fecha 25/02/16 / HLG-100H-36A 80W 90-305Vac SALIDA 36V 2650mA IP67 / PORTES2 PORTES PEDIDO I	150	22111
F/2016/1675	Emit- 58	07/10/2016	458,26 €	ALQUIGAL, ALQUILERES DE GALICIA	164105 (CONTRATO ALQUILER: 149704 OBRA: POLD. PALEO PERFORADORA WEKA DK22 PERIODO: 21/07 AL 04/08) / 164105 (CORONA	150	20200
F/2016/2159	60-L698-413020	28/12/2016	286,78 €	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU	FACTURACION CONCERTADA VARIABLE MODALIDAD: FACTURA CONCERTADA EMPRESAS - Abono/Ref.Factura: 085247001 - Periodo regular	920	22200
F/2016/2160	60-L698-413019	28/12/2016	2.194,38 €	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU	FACTURACION CONCERTADA FIJA MODALIDAD: FACTURA CONCERTADA EMPRESAS - Abono/Ref.Factura: 085247001 - Periodo regular de c	920	22200
F/2017/862	Emit- 38	28/04/2017	9.018,67 €	SUMINISTROS TECNICOS DEPORTIVOS	Cinta de correr LK6000	342	62500
F/2017/1791	01 0100530-17	30/06/2017	771,98 €	JARDINERIA ARCE S.L.	INSTALACI ^N DE RIEGO POR GOTEO EN C.FUTBOL CARRAL / ml Instalaci ⁿ riego por goteoSuministro e instalaci ⁿ de tuber ^a d	342	22799
F/2017/1792	00 0000136-17	21/07/2017	2.715,24 €	JARDINERIA ARCE S.L.	TRASLADO CA ^L N Y COLOC. TRIPODE / ud Traslado ca ^L n y colocaci ⁿ tr ^l pode RIEGO EN CAMPO DE FUTBOL DE CARRAL. Suministr	342	22799
F/2017/1795	01 0100627-17	31/07/2017	3.593,70 €	JARDINERIA ARCE S.L.	UD TRABAJOS DE DESCOMPACTACI ^N Y RECEBADO EN CAMPO DE FUTBOL DE CIRSPED ARTIFICIALActuaci ⁿ puntual en Campo de Futbol de	342	22711
F/2017/2036	QEP 1017	01/09/2017	1.560,00 €	QUEIMAN Y POUSA S.L.	ADQUISICION 150U DEL LIBRO O HIMNO POR ANDREA POUSA.	334	22609
F/2017/2054	00 0000342/17	14/09/2017	3.410,93 €	AGUASPORT, PISCINAS, S.L	ALBARAN 3024 / CTX-130 TABLETAS20 GR.. BROMO 5 K. / RECAMBIO OTO / CTX-43 FLOCULANTE CARTU. 100 GR. / ALBARAN 3113	342	21300
F/2017/2056	00 0000365/17	31/08/2017	1.077,66 €	AGUASPORT, PISCINAS, S.L	ALBARAN 3190 / CTX-200 DICLORO GRANUL. 25 K. / CTX-500 ANTIALGAS ABRILL. 25 L. / TIRAS ANALI. PH-CL-ALCALINIDAD / RE	342	21300
F/2017/2090	01 0100529-17	30/06/2017	290,40 €	JARDINERIA ARCE S.L.	Unidades. Mantenimiento catonesPuesta a punto de ca ^L n de impacto existente. Consistente en engrase, regulaci ⁿ , ángulo	342	22711
F/2017/2111	3/2017	18/09/2017	1.210,00 €	JOSEBA MURUZABAL PEREZ	POR REALIZACION OBRA ARTISTICA (MURAL)	330	22799
F/2017/2113	Emit- 335	15/09/2017	82,28 €	TROFEOS MARVI-SPORT MARTINEZ VILA, S.L.	17203 TROFEO CHAVE (TROFEOS CHAVE) / 17202 TROFEO CHAVE (TROFEOS CHAVE) / 17201 TROFEO	341	22610-




Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 6722 82// C.I.F.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

					CHAVE (TROFEOS CHAVE)		
F/2017/21 14	Emit- 334	15/09/2 017	231,70 €	TROFEOS MARVI- SPORT MARTINEZ VILA, S.L.	F754/33 COPA (F TBOL FEMININO) / F754/32 COPA (F TBOL FEMININO) / Z16-7301/1 PLACA CRISTAL (PLACA PREGUNTA)	341	22610
F/2017/21 15	Emit- 333	25/09/2 017	172,36 €	TROFEOS MARVI- SPORT MARTINEZ VILA, S.L.	P7022/2 TROFEO CRISTAL (TIRO OLIMPICO) / P7022/3 TROFEO CRISTAL (TIRO OLIMPICO) / P7022/4 TROFEO CRISTAL (TIRO OL=	341	22610
F/2017/21 16	CM 00536	26/09/2 017	2.201,86 €	VSM SISTEMAS CORUÑA S.A.	- Albaran 000600 - 20/09/2017 / SW10013-ES - Windows 7 Home Premium / INSTALACION - Servicio de instalacion Licencias e	920	21300
F/2017/21 44	Emit- 40	30/09/2 017	1.126,51 €	INSTELGA-SOUTO S.L	ALBARAN 01/09/2017 FESTA PISCINA / MTS ACRIFLEX 3 X 1.5 MM / PROLONGADOR SOLERA 80131L / BRIDAS UNEX 2247-0 / ALBARAN 05	150	22112
F/2017/21 87	Borrador- 7	28/09/2 017	895,40 €	FOMOGAL S.L.U.	OBRA COLEGIO VICENTE OTERO VALCARCEL (Suministro y colocación de siete Venecianas en RAL 1014. Reparaciones del 22/08/2	320	21300
F/2017/21 88	FE1732124326 7014	07/09/2 017	97,80 €	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2017 - 07/08/2017 8,833 KW x 8.80708392 D=AS x 0,00000 EUR/D=AS (CUPS ES0022000008946703HN1	161	22100
F/2017/21 89	FE1732124303 2944	05/09/2 017	786,49 €	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 20/07/2017 - 21/08/2017 606,14 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004987739KS1P Direccion PS ALCA	320	22100
F/2017/21 91	FE1732124430 4001	21/09/2 017	1.320,53 €	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/08/2017 - 31/08/2017 1.038,27 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007811222FH1P Direccion PS PA	342	22100
F/2017/21 93	P17 001590	30/09/2 017	193,60 €	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.	SEP-4, 5, 6, 7; Radio Voz; A Coruña; CUTA BASICA ; 20 SEG; CARRAL FIESTA EMPANADA	338	22627
F/2017/21 94	A/13/2017	21/09/2 017	278,50 €	MONTSERRAT CABANAS FARÍA	PINCHOS PEREGRINOS SERGUIDE	330	22601
F/2017/21 95	2	04/10/2 017	360,00 €	ASOCIACION FOLKLORICA E CULTURAL CATA- ALMIBRE	TALLERES DE BAILE A CARGO DA ASOCIACION CATALMIBRE	338	22626
F/2017/22 00	7F65113 M	01/10/2 017	424,67 €	ZARDOYA OTIS, S.A.	POR EL SERVICIO DE MANTENIMIENTO CORRESPONDIENTE AL PERIODO 01- 10-2017/31-12-2017 POLO SERVIZO DE MANTEMENTO CORRESPONDE	330	21300
F/2017/22 16	FE1713701775 4237	10/09/2 017	44,95 €	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso estimado (9.9kW * 38.043426 Euros/kW y año * (32/365) días) / Importe por margen de comercio	320	22100
F/2017/22 18	S 2017 432	30/09/2 017	7.534,19 €	ESPROADE, S.L.	XIMNASIO, NATACION EXT. E SOS (XIMANSIO, NATACION EXTERIOR E SOCORRISMO HORARIO DE VERAN DO 1 O 6 DE SETEMBRO DE 2017	342	22799
F/2017/22 21	FE1713701835 7346	18/09/2 017	49,94 €	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (4.6kW * 38.043426 Euros/kW y año * (32/365) días) / Importe por margen de comercialización	312	22100




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

F/2017/22 22	FE1713701777 0344	10/09/2 017	20,36 €	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso estimado (3.91kW * 38.043426 Euros/kW y a±o * (36/365) dìas) / Importe por margen de comer	920	22100
F/2017/22 28	Rect-A2017- 151	13/10/2 017	302,50 €	XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, S.L.	Rect. Rect-A2017- 151 / Actuaciñ Csmica / Monologo a cargo de Angela Triana (Actuaciñ do 6 de Outubro de 2017, dentro	334	22608
F/2017/22 39	28667130	09/10/2 017	70,30 €	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	0003359347 VIA PUBLICA CARRAL PALEO , PALEO (SAN ESTEVO) 15175 CINE 25/08/2017 EL DESCONOCIDO / 0003359347 VIA PUBLICA C	334	20900
F/2017/22 40	28667137	09/10/2 017	261,34 €	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	0003359347 VIA PUBLICA CARRAL PALEO , PALEO (SAN ESTEVO) 15175 VARIEDADES CONCIERTO RECAMBIO TUCHO 06/09/2017 MODALIDAD	334	20900
F/2017/22 41	28667132	09/10/2 017	14,06 €	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	0003341151 EDIFICIO SOCIAL "TOITO ESPITEIRA" MANUEL MENDEZ BUA S/N , CARRAL 15175 CINE 05/09/2017 LINKO	334	20900
F/2017/22 42	28667144	09/10/2 017	46,67 €	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	0003341151 EDIFICIO SOCIAL "TOITO ESPITEIRA" MANUEL MENDEZ BUA S/N , CARRAL 15175 VARIEDADES CONCIERTO PERCUBEBE 07/10/	334	20900
F/2017/22 43	28667138	09/10/2 017	86,39 €	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	0003359347 VIA PUBLICA CARRAL PALEO , PALEO (SAN ESTEVO) 15175 VARIEDADES CONCIERTO GAITAS FERREIRAS 07/09/2017 MODALIDAD	334	20900
F/2017/22 44	28667143	09/10/2 017	69,42 €	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	0003341151 EDIFICIO SOCIAL "TOITO ESPITEIRA" MANUEL MENDEZ BUA S/N , CARRAL 15175 VARIEDADES CONCIERTO PIRILAMPO 09/09/	334	20900
